

1. Introducción

Neste documento expóñense as cuestións referidas ao funcionamento da escola de atletismo da **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**.

A actividade ofertase para **nenos e nenas** de entre **7 e 13 anos** que se están a iniciar na práctica do atletismo. A través das súas experiencias previas, o **obxectivo** principal será **desenvolver a súas capacidades**, físicas e técnicas, utilizando a **competición coma medio de aprendizaxe e motivación**. Mantendo o traballo de **valores** coma o **esforzo**, a **superación**, o **compañeirismo**, etc.

Todos/as os/as atletas estarán en posesión da **licenza federativa** que será tramitada unha vez realizada a matrícula na escola.

2. Grupos de idade, instalación, horarios e número de prazas.

ESCOLA DE ATLETISMO SGP				
Categoría	Ano Nacemento	Instalación	Horario	Nº Prazas
Sub 10	2015-2016	CGTD	L-Mé-V 17:00-18:00	30
Sub 12/14	2011-2014	CGTD	L-Mé-V 17:45-19:00	60

Os adestramentos **comezarán** o mércores **13 de setembro**, e **finalizarán** o venres **28 de xuño**. Os adestramentos serán interrompidos unicamente nos días **festivos** e/ou por **peche da instalación**. O horario e lugar de adestramento poderá ser modificado, nese caso, comunicarse aos/ás implicados/as.

3. Inscricións

Realizaranse a través do club, dándose de alta e inscribíndose no grupo correspondente na app Cluber, para o cal pódese seguir a seguinte ligazón <https://app.cluber.es/clubes/238c438fcb7b548f726628a36f0b8074395fb0b/inscripcion> O período de **matricula** **abrirá** o luns **21 de agosto** e pechará o luns **11 de setembro** incluído. **Ata entón**, seguiranse os **criterios de admisión**, nesta orde:

1. Ter **formado parte** da **escola de club** no curso anterior.
2. Ter **formado parte** da **escola municipal** no curso anterior.
3. Ter un **irmán** que formase parte da **escola de club**.
4. **Orde** rigorosa de **inscrición** (data e hora).

A **partires do 11 de setembro** as prazas **adxudicaranse** de acordo coa **orde rigurosa de inscrición** en dito formulario.

O abono da **matrícula inclúe** o pago dos primeiros 15 días de adestramento (mes de setembro), así coma a equipación oficial do club (chándal, malla corta e camiseta de asas/top) e a licenza federativa de atleta; polo que, as **cotas mensuais comezarán** no mes de **outubro**.

Grupo	Prezo Matrícula	Prezo Cota Mes
Sub 10	75 €	20 €
Sub 12 / 14	90 €	20 €

NOTA: Para socios do club coas contas ao día haberá un desconto de 10€ na matrícula da escola.

Os **pagos** deberán realizarse a través da aplicación Cluber.

Todas as **inscricións realizadas despois do 30 de setembro** deberán **abonar** as **cotas mensuais** correspondentes aos meses nos que se participe na actividade, **máis a licenza federativa e a equipación oficial completa.**

4. Actividades complementarias

a. Competicións do XOGADE

Organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, para os nenos/as con idades comprendidas entre os 8 e 15 anos. Estas competicións seguirán a normativa XOGADE: <http://xogade.xunta.gal/>. A modo resumen, indicar que durante outono-inverno celébranse as competicións de campo a través; e na primavera, o atletismo en pista.

- **Campo a través:** realízase unha competición clasificatoria para o campionato provincial de libre participación. A continuación, no campionato provincial só poderán participar aqueles clasificados de acordo aos criterios establecidos polo XOGADE. Unha terceira proba sería o Campionato Galego (alevíns en diante), que seguiría o mesmo sistema de clasificación.
- **Atletismo en pista:** a partir do mes de marzo celébranse competicións clasificatorias para o campionato provincial de libre participación. No campionato provincial, unicamente poderán competir aqueles/as atletas clasificados/as de acordo cos criterios establecidos polo XOGADE.

b. Competicións federadas

A Federación Galega de Atletismo xestiona a organización de competicións de carácter federado ás que poderán acudir sempre e cando se celebren na provincia de Pontevedra, tamén poderán participar en campionatos autonómicos individuais ou de clubs. Para poder participar, é requisito obrigatorio contar coa licenza federativa, para iso haberá que abonar a contía correspondente.

5. Inscripcións nas competicións

Os **monitores** serán os **encargados** de comunicar a posibilidade de participar en ditas competicións. Aqueles/as que desexen participar nestas, deberán **comunicalo** a seu monitor con a lo menos **48 horas de antelación** sobre o límite de prazo de inscrición (segundo o regulamento da competición).

6. Viaxes a competicións

a. Competicións escolares XOGADE

Os **desprazamentos** a competicións do programa **XOGADE** pertencentes a nosa zona, poderán ser subvencionados. Nese caso realizaranse en autobús e serán de uso exclusivo para **participantes e monitores**.

b. Competicións federadas individuais

Serán organizadas e **sufragados polos interesados**.

c. Competicións de Clubs federadas

Serán **organizadas polo club**. Poderán ser en autobús ou por conta propia. Se o club decide que o desprazamento se realice en autobús os gastos serán **sufragados a partes iguais**, por todos os deportistas convocados e, de ser o caso, polos acompañantes.

7. Seguro deportivo

Todos os atletas da escola **contarán** co **seguro deportivo** do programa **XOGADE**, **cubriendo** aquelas **lesións producidas durante os adestramentos e competicións** durante toda a tempada.

8. Equipación oficial

Aqueles atletas matriculados/as na Escola de Atletismo SGP (con dereito a roupa) entregaráselles: **chándal, camiseta de asas/top, malla corta/brega**. No inicio do curso informárase o modo de realizar dito encargo que deberá ser tramitado obrigatoriamente **antes da data establecida polo club**, de tal maneira que, **si algún membro da escola non encarga este material en tempo e forma**, terá que **abonar o prezo** correspondente a roupa (**SEN DESCONTO**).

Será **obligatorio** en **TODAS** as **competicións**, participar coa **equipación oficial**: camiseta de asas/top e malla/brega. Poderase adquirir máis material no seguinte enlace web: <http://www.sgpontevedra.com/ropa-competicion/>

